

## Comentarios postos no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### *Dragal, a herdanza do dragón*

Hadrián é un neno que cando morre o seu pai, a nai lévao a vivir ao seu pobo. Neste pobo hai unha igrexa (San Pedro) e na súa fachada hai dragóns, un destes dragóns, o alado, fala con Hadrián e métese no seu pensamento, faille incluso os exames. Co tempo o neno pescuda coa súa amiga Mónica, e máis con Don Xurxo (o cura da igrexa ) que seu pai era da Orde do Dragal. Don Xurxo axúdaos a entrar nas catacumbas, que están baixo o altar da igrexa de San Pedro, aquí pásano bastante mal e aparte os segue o matón da clase, Brais. Logran falar con Dragal e este métese no corpo do neno mediante unha escama que este colle coa súa man, cando conseguen saír das catacumbas Hadrián estase a converter nun dragón, polo que o neno ten que tratar de dominalo, cando ve que non o vai conseguir, marcha a Poza da Moura e Mónica promételle levarlle comida á tarde-noite. O conto remata ... **(Carmen)**

A vida de Hadrián cambiou cando morre o seu pai en estrañas circunstancias, herdou un medallón do pai que era da orde do Dragal pero case ninguén o sabía menos o cura. A nai de Hadrián e el foron para Galicia vivir. Hadrián foi a un instituto e non tiña amigos só unha nena, Mónica a chadona. A panda de Brais vai a por Hadrián por ser o novo. Na fachada da igrexa hai un dragón no que se fixa moito Hadrián, o dragón fálalle a Hadrián e axudalle nos exames. Coa axuda de don Xurxo os rapaces encontran as catacumbas que están dentro da igrexa detrás do altar nun pasadizo, ... Pareceume moi intrigante pero gustoume moito. A quen llo dedicarías: ás persoas que lle gusten as historias de intrigas. **(Bruno)**